

O *Tempero*

Denominamos *tempero* á técnica que debe de ter un gaiteiro á hora de conseguir manter unha presión constante sobre o fol, de xeito que se distribúa un fluxo de aire controlado a todos e cada un dos tubos sonoros da gaita. Isto conséguese cunha boa coordinación entre o aire que introduce o músico a través do soprete no fol e a presión que este exerce co seu brazo esquerdo no mesmo.

Pasos a seguir para unha boa aprendizaxe no bo dominio do *tempero*:

1. Nas primeiras sesións os bordóns deben estar parados, centrando a atención do alumno nun único tubo sonoro, o punteiro.
2. Debemos comezar a traballar o *tempero* diante dun espello para adquirir unha boa postura (fixarse ben nas imaxes que amosamos a continuación).



3. No primeiro contacto coa gaita incharemos o fol introducindo o aire a través do soprete e conseguiremos o son presionando este co noso brazo esquerdo. Non volveremos a soprar, e a medida que o fol teña menos cantidade de aire dentro presionaremos cada vez con máis forza para que siga soando ata que chegue o momento onde o aire de dentro non sexa suficiente para acadar un son, así traballaremos a técnica do noso brazo. Repetiremos esta operación ata que, unha vez inchado o fol e só coa presión do noso brazo consigamos manter soando a gaita durante un bo tempo. Vixiaremos especialmente que o esforzo que fagamos co brazo e antebrazo non se transmita á man e os dedos en forma de tensión.
4. Unha vez que o alumno mostre importantes avances na técnica do seu brazo, comezaremos a alternar soprido de aire e movemento do brazo, sempre de xeito que a presión do brazo sexa menor cando sopremos e máis pronunciada cando non insuflamos aire. O brazo non debe separarse nunca do fol, incluso nos momentos en que esteamos a soprar debe facer unha pequena presión.
5. Con esta alternancia de soprido e presión do brazo no fol debemos conseguir un son constante e estable que non sufra variacións de intensidade e altura polo que o movemento do brazo debe ser moi suave. Para isto a mellor forma é traballar notas longas diante dun afinador.

Batemento

The image displays a musical score for a piece titled "Batemento". The score is written on ten staves, each beginning with a treble clef and a key signature of three sharps (F#, C#, G#). The music is composed of eighth and sixteenth notes, often beamed together in groups. The first two staves form a continuous melodic line. The third staff begins with a repeat sign (double bar line with two dots) and continues the melody. The fourth staff concludes with a repeat sign and a final double bar line. The fifth staff starts with a repeat sign and continues the melodic development. The sixth staff ends with a repeat sign and a final double bar line. The seventh staff begins with a repeat sign and continues the melody. The eighth staff ends with a repeat sign and a final double bar line. The ninth staff starts with a repeat sign and continues the melody. The tenth and final staff concludes with a repeat sign and a final double bar line.

Pasodobre de Menduïña

Tradicional

The musical score is written for two staves in a 2/4 time signature with a key signature of three sharps (F#, C#, G#). The piece begins with a treble clef and a common time signature of 2/4. The first system includes a repeat sign with a first ending bracket. The second system continues the melody and accompaniment. The third system features a first ending bracket with a first ending (1.) and a second ending (2.). The fourth system continues the piece. The fifth system continues the melody and accompaniment. The sixth system features a first ending bracket with a first ending (1.) and a second ending (2.), followed by the instruction *D.S.* (Da Capo).

Vals dos Velloos

Tradicional

Arranxo sinxelo percusión: Bruno Villamor

Gaita 1ª en Do

Gaita 2ª en Do

Tamboril
Bombo

1.

2.